

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### QUINTANA SITÚA O PLAN GALEGO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN COMO O INSTRUMENTO QUE ESTÁ PERMITINDO A GALIZA PASAR DUNHA ECONOMÍA DO CEMENTO A UNHA ECONOMÍA DO COÑECEMENTO

- *O vicepresidente di que é o momento actual de recesión económica é o momento de apostar aínda en maior medida pola introdución das tecnoloxías da información e da comunicación nas empresas*
- *“Máis sociedade da información en Galiza será tamén máis igualdade e máis benestar para os galegos e galegas”, asegurou Anxo Quintana*
- *Quintana e Blanco constatan que a aplicación do Plano Estratéxico Galego da Sociedade de Información avanza polo bo camiño*
- *O PEGSI permitiu no seu primeiro ano de vixencia o desenvolvemento de 279 accións cun orzamento de 156 millóns, un 14% máis do inicialmente previsto pese a que o Plan comezouse a executar en abril*

**Santiago, 7 de maio de 2008.-** O vicepresidente da Xunta, Anxo Quintana, salientou hoxe que o Plano Galego da Sociedade da Información é o instrumento que está permitindo en Galiza “cambiar a economía do cemento pola economía do coñecemento”. Asegurou que a prioridade do Goberno galego é, nestes momentos de recesión económica, favorecer a creación dun modelo económico sólido, que protexa a Galiza dos vaivéns da economía internacional e que estea altamente diversificado, relativizando así o peso da construción como motor da economía. “A nosa proposta para logralo pasa por un modelo económico con máis tecnoloxía, máis innovación, máis coñecemento e contando menos coas políticas do cemento” e aí é onde o Plano Galego da Sociedade da Información se está convertendo no instrumento para lograr este fin.

O vicepresidente Quintana fixo estas declaracións hoxe xunto ao conselleiro de Innovación e Industria, na presentación do primeiro informe de seguimento do Plano Estratéxico Galego da Sociedade da Información (PEGSI 2007-2010), “un plan que supuxo un antes e un despois no desenvolvemento da Sociedade da Información en Galiza, pois é a primeira vez que contamos cunha estratexia para a implantación das TIC no país”, sinalou Quintana.

Este Plano estratéxico conta cun orzamento total de 810 millóns de euros entre 2007 e 2010. Un orzamento, tal e como destacou o vicepresidente, que serve para fomentar o uso das TIC por parte da sociedade, da Administración e das empresas, pero tamén serve para promover un sector das TIC galego, “que desenvolva contidos, servizos e bens de equipo e que permita xerar emprego de calidade e valor engadido no país”.

### Indicadores positivos

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O vicepresidente asegurou que os datos do primeiro ano do PEGSI invitan ao optimismo. Salientou que se superou nun 13,7%, con 156 millóns de euros, o investimento directo inicialmente previsto para o este Plano estratéxico e que se puxeron en marcha 279 accións enmarcadas nas 26 liñas de actuacións definidas no Plan Estratéxico Galego da Sociedade de Información. “Os indicadores dispoñibles amósannos que estamos a avanzar no bo camiño”, indicou Quintana referíndose aos datos presentados hoxe. Entre estes datos, destacou que o emprego no sector das TIC medrou un 35,8% nos dous últimos anos (pasando de 11.500 traballadores no primeiro trimestre de 2006 a 15.700 no mesmo período de 2008) e que o número de empresas do sector das TIC aumentou tamén un 27,5% entre 2004 e 2007, chegando ás 1.500 empresas. Cómpre salientar ademais que os servizos da Sociedade de Información en Galiza achegan máis de 1.500 millóns de euros e representan o 11,5% do volume de negocio do sector servizos de Galiza.

Quintana ratificou ademais que os avances no campo da Sociedade de Información en Galiza se poden visualizar tamén nos instrumentos que se teñen posto en marcha nos últimos meses, tales como o Observatorio Galego da Sociedade da Información, a Plataforma Tecnolóxica *Vindeira* ou a instalación do superordenador *Finisterrae* no CESGA.

### Instrumento contra desaceleración

O vicepresidente Quintana explicou que, nesta época de desaceleración económica, é cando hai que apostar aínda en maior medida pola execución do PEGSI como “vía para remontar a recesión”. Indicou que, malia os bos resultados do primeiro ano, é agora neste contexto cando se debe facer aínda máis esforzo en potenciar a introdución das TIC nas empresas, sobre todo nas pemes e nas micropemes. Este ano a Consellería de Innovación vén de incrementar nun 21% as axudas destinadas aos investimentos en TIC nas empresas, achegando 36 millóns de euros.

Dentro desta loita contra a recesión económica dende as novas tecnoloxías nas empresas, Quintana resaltou que se ten que incidir tamén agora na apertura de novos mercados e no fomento da internacionalización das empresas galegas e dos seus produtos. Nesta liña de traballo constituíuse o pasado 31 de xaneiro o Clúster das TIC, con preto de 120 socios fundacionais e que supón o sétimo clúster galego, “e precisamente un dos seus principais cometidos será a cooperación entre as empresas para competir nos mercados globais”.

### Máis igualdade e benestar

“Máis Sociedade da Información en Galiza será tamén máis igualdade e máis benestar para os galegos e galegas”, asegurou o vicepresidente da Xunta hoxe para resaltar que o Plano Estratéxico Galego da Sociedade da Información aposta polas TIC en clave social. Polo tanto, non só busca a implantación destas tecnoloxías en Galiza, senón que ao mesmo tempo tamén pretende vertebrar social e territorialmente o país, asegurando un acceso igualitario ás oportunidades creadas pola sociedade da

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

información, e pretende tamén “preservar e potenciar, nos seus servizos e contidos, a nosa identidade e o noso idioma”.

### Actuacións concretas

Pola súa banda, o conselleiro de Innovación e Industria, Fernando Xabier Blanco, lembrou que o PEGSI articulouse en 8 estratexias operativas das que derivan 104 iniciativas cos seus obxectivos e medidores de impacto asociados. Blanco salientou o nivel de execución orzamentaria do Plan, case un 14% máis do inicialmente previsto, o que reflicte a clara vontade do Goberno Galego por implantar a Sociedade da Información en Galiza dado que, ademais, o PEGSI foi aprobado o 30 de marzo polo que a súa vixencia e verdadeiro impulso deuse nos 3 derradeiros trimestres do ano.

O titular de Innovación e Industria analizou os principais resultados obtidos en cada unha das 8 estratexias operativas do Plano. Así, dentro da de Infraestruturas, destacou o desenvolvemento de 21 accións concretas cun investimento directo de 24,4 millóns, entre as que salientou a implantación por cabo nas cabeceiras comarcais e a consecución da banda larga no 92% dos núcleos de poboación galegos de todos os concellos do país grazas ao desenvolvemento do Plan PEBA. Deste xeito, o 85% dos galegos e galegas xa poden acceder ao servizo, co obxectivo posto en elevar esta porcentaxe ao 100% da poboación en 2010. Outra das actuacións salientadas polo conselleiro foi a creación de 76 Centros da Rede de Dinamización da Sociedade da Información, a elaboración do Mapa de Infraestruturas de Telecomunicacións ou a implantación en 14 concellos rurais de redes sen fíos para a extensión da banda larga. Nembargante, Blanco asegurou que aínda que o esforzo realizado foi moi importante, quedan obxectivos por acadar, polo que anunciou que o esforzo investidor prosigue este ano neste ámbito de actuación con preto de 94 millóns e con outros 5 millóns para estender a cobertura da TDT.

No tocante á estratexia de interoperabilidade, o conselleiro salientou os case 1,7 millóns investidos na implantación do software libre en todos os ámbitos, o que permitiu, por poñer dous exemplos, pasar en tan só 2 anos dun 20 a un 65% nos centros educativos que utilizan este tipo de software, e dun 10 a un 23% nas empresas de máis de 10 empregados. Neste sentido tamén destacou a consolidación de Mancomun.org como o Centro de Referencia e Servizos de Software Libre e os avances acadados na implantación da administración electrónica. As 35 accións desenvolvidas dentro da estratexia de contidos e servizos supuxeron un investimento de máis de 5 millóns e permitiron crear ferramentas e recursos moi variados.

### Actuacións para o tecido empresarial

Dentro da estratexia de desenvolvemento do sector empresarial da Sociedade da Información, os 21 millóns investidos nas distintas actuacións desenvolvidas permitiron dinamizar o proceso innovador e de I+D nas empresas TIC, das que practicamente a metade realizou algún proxecto desta índole en 2007. Cómpre tamén destacar a creación do Centro Tecnolóxico Gradient, da Plataforma Tecnolóxica Vindeira e do

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Clúster TIC. No relativo á estratexia de aplicación das TIC polo tecido empresarial, Blanco analizou as 50 accións desenvolvidas cun orzamento de 26,8 millóns, entre as que destacou as liñas de apoio abertas aos investimentos empresariais relacionadas coa Sociedade da Información e á formación TIC. Asemade, citou o portal de internacionalización da empresa galega ByGalicia e o portal de PEMES.

O maior volume de recursos en 2007 destinouse á estratexia de desenvolvemento dos servizos públicos de calidade, con 66 millóns, o que permitiu a posta en marcha de 90 actuacións por parte do conxunto do Goberno Galego. Así, Blanco explicou que o 100% da poboación xa ten as historias clínicas dixitalizadas e accesibles na rede a través do SERGAS e que ao longo de 2007 pasouse de 10,5 a 7,1 alumnos por ordenador no ensino primario. Cun orzamento de 9,2 millóns, a estratexia de inclusión e sustentabilidade permitiu desenvolver 30 accións de inclusión de colectivos con dificultades. Os indicadores tamén reflicten unha importante mellora neste ámbito, con medres do 30, o 37 e o 83% na penetración do PC nos fogares, na contratación de acceso a internet e na conexión a través de banda larga, respectivamente. Por último, grazas á estratexia dos instrumentos, con 2 millóns de orzamento, creouse a Oficina de Seguimento do PEGSI, o Observatorio Galego da Sociedade da Información e a Rede de Dinamización, que realizou obradoiros formativos para 7.500 persoas ao longo do pasado exercicio.

SAÚDOS,  
GABINETE DE COMUNICACIÓN DA VICEPRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA